




REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 23/09/2021 14:03:41
SAIDA 14734/21




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 96/2021
Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 9 de xullo de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de setembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 9 de xuño de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do Secretario Xeral da Universidade de Vigo do 14 de xuño de 2021, pola que estima a súa solicitude de acceso a determinada documentación referente ao proceso selectivo da praza de Técnico Superior de Actividades do Medio Mariño.

O reclamante expón que con data do 14 de maio de 2021 solicitou, na súa condición de interesado, documentación relativa á actuación do tribunal do proceso selectivo da praza de Técnico Superior de actividades do Medio Mariño. Con data do 21 de xuño de 2021, recibe documentación incompleta xa que tan só se recibe un acordo da Comisión e non a acta de constitución da comisión, nin as actas das reunións desde a mesma, así como tampouco a acta no que se adopta o acordo referente a petición formulada ao reclamante no acordo do 21 de abril, polo que procédese a requiririllo para que se emenden as deficiencias, sen obter resposta.

Segundo. Con data do 14 de xullo de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Universidade de Vigo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 16 de xullo de 2021.

Terceiro. Con data do 27 de xullo de 2021 a Universidade de Vigo contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que en relación coa solicitude de acceso á información presentada polo empregado da Universidade de Vigo contra a presunta desestimación da súa solicitude de acceso á información ante a Universidade de Vigo, referente ao proceso selectivo da praza de técnico superior de actividades do medio mariño, con data do 14 de xuño de 2021, a Secretaría Xeral resolveu sobre a documentación solicitada, e con data do 21 de xullo de 2021 resolveuse a solicitude presentada polo interesado con data do 2 de xullo de 2021, polo que considera que a Universidade respondeu aos requirimentos de acceso á información pública cumprindo estritamente os prazos establecidos polo que, ao contrario do que afirma o recorrente, en ningún caso se produciu a desestimación das súas solicitude.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

No presente caso o interesado solicitou acceso a determinada documentación sobre un procedemento selectivo para a provisión dun posto no que ten a condición de interesado.

A pesar de que no informe da Universidade non se fai referencia a si o procedemento estaba finalizado ou non na data na que o reclamante presentou a reclamación ante esta Comisión, da documentación presentada cabe concluír que o procedemento estaba en curso, por canto a reclamación se presentou o 9 de xullo de 2021, e dentro da documentación que se remitiu ao interesado coa resolución do 21 de xullo de 2021, se lle remite unha acta do tribunal do 12 de xullo de 2021, é dicir, posterior á presentación da reclamación.

No referido expediente, que se atopa en curso, o reclamante ten a condición de interesado, polo que, de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, debe ser a normativa reguladora dese procedemento administrativo e non a normativa xeral de transparencia, a aplicable ao acceso a información ou documentación por parte de quen teña a condición de interesados no mesmo, polo que procede a inadmisión da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] contra Reclamación contra Resolución do Secretario Xeral da Universidade de Vigo do 14 de xuño de 2021, pola que estima a súa solicitude de acceso a determinada documentación referente ao proceso selectivo da praza de Técnico Superior de Actividades do Medio Mariño.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2021.09.23 13:23:28 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.